



O CASTELÓN DE CASTAÑOSO. AS EXCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS (2015 E 2017)

Luís Fco. López, Miguel Ángel López Marcos e Yolanda Álvarez González

Os restos arqueolóxicos dos excepcionais edificios do castro de Castañoso (A Fonsagrada, Lugo) xa se coñecían desde 1986, pero o seu precario estado de conservación provocou no ano 2015 unha intervención para a recuperación da estrutura en perigo de ruína. Esta primeira actuación tiña como obxectivo recuperar o edificio castrexo, pero, para poder caracterizar en maior medida o contexto espazo-temporal deste asentamento, realizáronse traballos de escavación non só na zona principal da sauna, senón que tamén se interveu en dúas vivendas dun dos sectores do poboado. A segunda campaña permitiu rematar os traballos da intervención anterior, completando así unha primeira aproximación a este asentamento da montaña lucense¹.

O Castelón de Castañoso

O castro de Castelón de Castañoso atópase na bacía alta do río Eo. É un castro fortemente protexido que ocupa o extremo dun esporón delimitado polo río Covas e o regato de Val de Barreiro, sobre os que presenta un pronunciado desnivel.

¹ Intervencións financiadas polo Concello da Fonsagrada e a Deputación de Lugo, baixo a coordinación do Museo Etnográfico da Fonsagrada.



Fig. 1. Vista xeral do castro de Castelón de Castañoso.

O único acceso ao castro sen cruzar os ríos está protexido por tres fosos escavados na rocha e dúas estruturas de tipo torreón. A entrada ao poboado realízase a través dun estreito desfiladeiro que transcorre pola dorsal do esporón, que a xente da zona coñecía como “A Rúa dos Mouros”, flanqueada por fortes pendentes. O espazo que ocupa o poboado distribúese en dous sectores, separados polo afloramento de rocha que configura o propio esporón. O sector suroeste describe espazos máis amplos, pero menos visibles. No sector nordés hai unha plataforma estreita e alongada, orientada de sueste a noroeste, onde, a primeira ollada, se distinguen polo menos oito construcións que se dispoñen formando sucesivas terrazas.




Fig. 2. Vista xeral da localización da sauna e das vivendas escavadas.

Obxectivos da intervención arqueolóxica

Os restos da sauna, próximos ao torreón da parte superior do poboado, atopábanse en perigo de derrubamento. Podía verse parte da cúpula e da estrutura abovedada do corpo principal, apoiada sobre muros dunha construción tradicional asociada ao aproveitamento das castañas (corripa ou ouriceira), construída con grandes laxes de lousa e cuarcita que pertencían á estrutura da sauna.

Os traballos de escavación pretendían caracterizar a construción visible para poder acometer a súa estabilización e restauración, pero tamén poder determinar unha adscripción cultural e un encadramento cronolóxico dos restos.

As datacións obtidas para algúns destes edificios denominados “saunas castrexas”, como a do castro de Coaña (Villa Valdés, 2011) ou a de Punta do Sarridal en Cedeira (Estévez *et alii*, 2024) localizadas na zona cantábrica, ofrecen unhas datas antigas que as converte en edificios integrados na paisaxe castrexa xa no século IV a. C. Con todo, as saunas dos grandes castros do norte de Portugal e sur de Galicia, como Briteiros ou Armeá, aparecen en xacementos que se ocupan en períodos máis tardíos, xa próximos ao cambio de era ou a fases posteriores á conquista romana (Álvarez, 2019). Ao grupo cantábrico pertencen as saunas de Coaña, Pendia, Chao Samartín, Pelóu, Taramundi, Punta dos Prados e Borneiro, ademais da que agora nos ocupa (Estévez *et alii*, 2024).

Neste contexto era importante, por tanto, precisar a cronoloxía do poboado e da comunidade que utiliza o edificio en cuestión, e para iso sumouse á intervención da sauna a escavación dunha pequena zona dentro do poboado que comprendía o estudo de dúas vivendas. Estas foron seleccionadas polas alteracións que lles afectaban e que poñían en perigo a súa conservación dado o obxectivo de posta en valor xeral da actuación.

Desta forma, e a pesar de que a intervención se centrou fundamentalmente na caracterización e conservación do edificio da sauna, escavouse un segundo sector centrado en dúas vivendas, o que nos permitiu ampliar o coñecemento do asentamento e achegounos datos acerca da súa ocupación.

A escavación da sauna de Castelón

Para poder definir a estrutura da sauna castrexa, era necesario acometer unha escavación arqueolóxica e así acceder á raíz do fallo estrutural, e á vez coñecer en maior medida as características morfolóxicas do monumento.

Tras o desmonte parcial da corripa, procedeuse á delicada tarefa de ir eliminando de forma progresiva as raíces das árbores que incidían de forma directa na estrutura castrexa, labor que foi un dos máis complexos da intervención no que se refire aos traballos de escavación.

Dos espazos definidos no edificio da sauna, destaca a zona de combustión que apareceu en moi boas condicións, xa que conservaba todo o seu lateral leste ata a parte superior, faltando unicamente o óculo superior. Presentaba, con todo, unha grave alteración no seu interior, xa que os construtores da corripa, ao utilizar este espazo, eliminaron todo o sedimento correspondente ao nivel de uso da sauna, mesmo levantaron parte das lousas do pavimento. Baixo este, a rocha estaba picada para nivelar a base e apoiar as grandes lousas do pavimento que foron colocadas antes da construción do corpo superior do edificio, xa que se apoia sobre elas.



Fig. 3. Traballos de escavación da sauna e retirada de raíces.

No interior deste espazo descubrimos unha pía tallada na rocha e á que lle foron arrincadas as laxas fincadas laterais durante a construción da corripa.

No espazo correspondente á antecámara da sauna apareceu, na zona máis próxima á cámara abovedada, unha gran lousa de cuarcita parcialmente tallada. Con posterioridade, puidemos comprobar que había outros fragmentos desta mesma laxa na mesma zona e que se trataba da Pedra Formosa da sauna.

Trátase dunha gran peza, de máis de metro e medio de ancho, que se atopaba caída e fragmentada ao interior da sauna, e que presentaba un orificio inferior típico destes elementos, aínda que non ten ningún tipo de elemento decorativo.

Na antecámara, o derrubamento descansaba sobre un fino estrato que se correspondería co nivel de uso que á súa vez se asentaba sobre a rocha, no extremo máis ao leste, e sobre un lousado de laxas moi fragmen-

tadas, onde se rexistrou a meta dun muíño circular e unha acumulación de cantos rodados. Esta gran sala da antecámara está comunicada cun espazo previo que conserva parte do lousado.



Fig. 4. Vista xeral do edificio da sauna e detalle da Pedra Formosa.

No espazo exterior do edificio da sauna descubríronse varios elementos relevantes. No exterior do muro inferior aparecen os restos dunha vía ou calzada empedrada mediante un sistema de chapacuñas, coas laxas inseridas verticalmente. Esta vía comunica a estrutura co exterior do asentamento, de forma que conduce directamente desde o exterior do poboado, atravesando o foso máis inmediato (seguramente por medio dalgunha estrutura perecedoira a modo de ponte) ata esta zona de acceso da sauna, á que se sobe por unha ampla escaleira lateral que conduce directamente á antecámara.

Na parte superior do exterior da sauna, coincidindo coa parte máis alta do esporón, púidose documentar a presenza dunha canle de reducidas dimensións, de sección semicircular, que abastecía unha pía exterior, escavada na rocha, relacionada co funcionamento da sauna.

As estancias principais desenvólvense nunha ampla superficie dividida en varios espazos: o forno, a sala quente e a sala tépeda, cunha extensión de 5,6, 16,72 e 64,85 m² respectivamente.

A planta semicircular do forno comunícase directamente coa sala rectangular quente, nun rápido tránsito de cubertas pasando da cuberta en forma de cúpula por aproximación de fiadas (ou falsa bóveda) a outra cuberta abovedada e de planta rectangular en cuxa

entrada se perfila a pedra de acceso (pedra formosa). Entre ambas, unha estrutura rectangular de 45 cm de profundidade tallouse na base de lousa, para servir de contedor de auga e de cantos rodados.

A altura do forno e sala de calor alcanza 1,75 m no interior e case 2 m no exterior dependendo da zona, xa que se trata de cubertas irregulares. Péchanse ambas as estancias en falsa bóveda por aproximación de fiadas e remátanse con pequenas aberturas de 20 cm de diámetro que fan a función de respiradoiros rexistrables. Documentáronse conservados un na cúpula do forno e dous na sala de calor separados entre si uns 20 cm. Non é posible asegurar a cantidade de respiradoiros existentes ao longo da sala, pero sen dúbida habería máis de dous. Segundo a cadencia e espazo existente podería haber ata cinco orificios aliñados e tallados nas lousas cimeiras.



Fig. 5. Vista interior da sala quente, onde se poden apreciar na parte superior dous respiradoiros.

Pódese afirmar que a cuberta documentada neste edificio é a mellor conservada de todo o noroeste peninsular e por iso achega numerosas informacións sobre a súa construción. Por outra banda, cómpre dicir que, a pesar de non escavarse na súa totalidade o edificio (a intervención non chega ao 80 % deste), as estruturas visibles cara ao sur confirman que se trata dun conxunto de considerables dimensións en relación con outros escavados.

Por último, a sala grande, tamén rectangular, presenta unha estrutura combinada de lousa e piares de madeira, e comunícase desde a pedra de acceso cara á saída, perfilando tres pés dereitos en cada lado (ao leste e ao oeste) destinados a sustentar a cuberta. A saída

definitiva deste habitáculo practícase a través dunha porta de madeira (da que unicamente se conservan os marcos de encaixe do cerco para aloxar o batente), que é o recurso habitual en calquera construción castrexa.



Fig. 6. Reprodución da estrutura dos restos descubertos da sauna do Castelón (debuxo Miguel Ángel López).

Na zona oeste, sitúanse os accesos. O primeiro, máis ao norte, resólvese cun tramo de escaleiras ata chegar á cota de uso da sala tépeda. Porén, o acceso sur constrúese formando unha rampla máis ancha, con pavimento en chapacuña, que facilita a entrada á sala tépeda.

Escavación das vivendas do castro

O interior do poboado atópase hoxe cuberto dunha espesa vexetación entre a que aparecen muros de diversas construcións, con acusadas diferenzas na calidade dos paramentos, xa que se mesturan restos arqueolóxicos con pequenas construcións de épocas recentes feitas para o procesamento das castañas, como a que se atopa acaroadada á sauna do castro.

No sector oriental seleccionamos para a escavación un espazo onde apareceron dúas vivendas de grandes dimensións, de medidas moi similares (7x5 m), cunha planta de morfoloxía rectangular e con esquinas redondeadas. No interior das vivendas conservábase

unha importante potencia arqueolóxica, grazas á cal se puido documentar a existencia de entradas a varias alturas e outros elementos de carácter estrutural moi relevantes.

As construcións presentan muros dun grosor considerable, de ata 90 cm, xa que soportaban unha altura de 4 ou 4,5 m, segundo se estimou despois de cubicar a derruba conservada no interior das dependencias.

No interior das construcións non se conservaban pavimentos, pero ambas as vivendas contaban con fogares compostos de placa de combustión e paraventos, e, de forma xeral, responden a sistemas construtivos de tradición indíxena como os que se escavaron noutros xacementos castrexos da montaña lucense.

En relación coa cuberta das vivendas, e a pesar de que coñecemos que a maioría das construcións tiñan cubertas de material vexetal, hai que destacar un excepcional rexistro que se localizou nunha delas. Durante a escavación documentáronse, baixo a derruba das paredes, restos dunha cuberta caída no interior feita a base de lousas. Estas estaban fixadas con cravos de sección cuadrangular, dos cales se recuperou unha ampla mostra. No interior das construcións recuperouse

unha serie de materiais cunha cronoloxía próxima ao cambio de era, asociada ao último nivel de ocupación rexistrado, aínda que hai evidencias dalgunha remodelación construtiva.

Ao comezo da escavación os primeiros traballos realizados centráronse na limpeza dos muros dunha vivenda, que se atopaban visibles en case todo o seu perímetro. Desde o primeiro momento púidose apreciar que se trataba dunha vivenda de grandes dimensións, construída nun lugar moi escarpado, á que dotaron de muros que chegan a ter un espesor de máis de 90 cm.




Fig. 7. Planta e vista xeral das dúas unidades de ocupación escavadas no Castelón de Castañoso.



Fig. 8. Vista xeral do corte II o comezo da escavación. Detalle das lagoas que presentaba o paramento da vivenda causadas por intervencións de furtivos.



Fig. 9. Vista xeral das vivendas ao finalizar a intervención de escavación e restauración.

Os diferentes espazos non chegaron a colmatar-se por completo co abandono inicial e péchanse unicamente coas súas propias derrubas e algunha capa de cobertura vexetal. Durante a escavación, púidose comprobar que se trataba dunha colmatación onde apenas había terra e, máis que unha escavación, tratouse dun rebo; ao non ter practicamente argamasa nas estruturas, os depósitos e derrubas están formados por pedras e cascallo.

Vivenda I. É unha construción de grandes dimensións escavada parcialmente na primeira campaña e completada na segunda. Unha vez feita a limpeza, detectouse un muro medianeiro, que dividía a estancia, e dous accesos, un para cada altura (fig. 10).

Vista a relevancia e a potencia que presentaban as estruturas e o volume da derruba, decidiuse facer unhas sondaxes nas dúas dependencias da vivenda, coa finalidade de calcular a altura orixinal das estruturas e para coñecer as características do depósito arqueolóxico.

O espazo 1 (fig. 7) corresponde á estancia máis ampla da vivenda, a meridional. A morfoloxía da derruba fai pensar en operacións rápidas e violentas. Apenas aparece argamasa entre a derruba e isto débese a que a maior parte desta pertence ao muro medianeiro, que, a diferenza do que conforma o perímetro da vivenda, está construído sen a argamasa amarelada. A derruba en certas partes da vivenda, sobre todo no tramo oeste, presentaba máis de metro e medio de potencia.

Unha vez retirado o nivel de derruba, procedeuse á escavación dos niveis inferiores, os de uso da vivenda e tamén un nivel cunha derruba anterior, que aparece na parte leste da sondaxe. No sedimento correspondente ao nivel de uso da vivenda, documentáronse abundantes materiais moi fragmentados, pero son suficientemente representativos cronoloxicamente, como mostra do tipo de producións cerámicas que se conservan no xacemento. Baixo este nivel, cara ao oeste da sondaxe, aparece a rocha, mentres que no extremo oposto aparece o recheo de nivelación previa á construción da vivenda, xa que tiña que adaptarse á topografía do terreo.

Na escavación da campaña do ano 2017, localizouse o fogar asociado a un muro que forma o paraventos ou poio, así como varios elementos materiais de cociña asociados. A mostra cerámica é relativamente abundante e cabe destacar a recuperación de varias moedas sobre o nivel de ocupación.



Fig. 10. Detalle da estrutura asociada ao fogar na vivenda I.

O espazo 2 corresponde coa dependencia máis pequena da vivenda. Unha vez retirada parte da derruba, identificouse un nivel de uso da estancia onde documentamos abundantes materiais; entre eles, varios recipientes cunha soa asa e un fragmento de *terra sigillata*. No sedimento, moi apardazado, identificáronse diferentes bolsadas, con materiais asociados. Este nivel descansa directamente na rocha e non se documentou ningún tipo de pavimento. Na zona leste, preto da entrada, identificouse parte do muro perimetral orixinal da vivenda. Todo parece indicar que a vivenda sufriu unha remodelación, tanto no seu interior como no exterior.



Fig. 11. Reconstrución da sección do interior da vivenda I do Castelón de Castañoso, onde se pode apreciar a disposición das dúas dependencias e o desenvolvemento en altura, co acceso superior (debuxo, J. Manuel Acebo).

Na campaña do ano 2017, acabou-se de escavar esta dependencia, constatando a existencia dun dobre nivel no chan da estancia. A base tallouse na rocha, pero dispúxose en dous niveis: a parte próxima á entrada atópase 30 cm máis baixa que a parte traseira.

O espazo 3 corresponde á zona exterior da vivenda, cara ao oeste, na zona superior. Tiña un lousado de pedra, polo que se accedía a un espazo da vivenda situado na parte superior. A parte máis alta do pavimento estaba no centro da fachada, onde se situaba a entrada á vivenda, e descende cara a ambos os lados, cunha inclinación progresiva. Este lousado facilitaba tamén a evacuación da auga procedente do teitume.

Neste espazo 3, baixo o nivel de derruba e xa case en contacto con este pavimento, documentáronse varios materiais significativos, entre eles unha fibula de charnela.

O espazo 4 corresponde á parte exterior ao leste da vivenda, a unha cota inferior, onde se abren dous vans para acceso ao piso inferior da vivenda, unha cara ao leste e a outra cara ao sur. Aquí levantouse un potente

muro de contención para acondicionar un espazo habitable, sobre o que se asentou a vivenda. Este muro hoxe en día atópase na súa maioría caído ladeira abaixo, pero parte deste tramo aínda se conserva en pé.

Tras a limpeza da fachada do muro, empezouse a retirar a derruba exterior da vivenda ata o nivel en que xa se podían definir as características das entradas ao interior. Tamén entón puido confirmarse a remodelación do muro perimetral. A vivenda inicial era algo menos longa, o muro describía outro trazado e a vivenda tiña unha única entrada, a sur. O muro que divide a vivenda en dúas estancias foi construído cando se realizou a dita remodelación, así como a apertura dunha segunda entrada para acceder independentemente ás estancias. O muro medianeiro non presenta ningunha interrupción, non está engarzado na estrutura perimetral e non se empregou nel argamasa. O lateral esquerdo da entrada, segundo se sae da vivenda, estaba seriamente afectado, pero a intervención da restauración permitiu estabilizar os restos e así evitar a progresiva deterioración á que estaba sometido.

Vivenda II. Na campaña do ano 2017, a intervención recuperou a vivenda contigua á escavada na primeira campaña. Trátase tamén dunha vivenda de grandes dimensións que conservaba unha importante potencia arqueolóxica e na cal se documentou igualmente o acceso á parte superior da vivenda. Os seus muros son grosos e, tras o cálculo do volume dos lenzos derruídos e a altura dos muros conservados na actualidade, conclúese que esta vivenda tivo unha altura superior aos 4,5 m desde a liña que ao exterior marca o nivel de pavimento. A altura sería aínda maior na parte leste, que funcionaba como baseamento, sumando 1,5 m (fig. 12). Esta estrutura non parece que contase cun pavimento de nivelación.



Fig. 12. Vista xeral da vivenda II ao finalizar a intervención, onde se pode ver a disposición da estrutura interior e a cornixa exterior que marca o nivel do chan.




Fig. 13. Distribución de espazos da vivenda 11.

A densa vexetación que crecía sobre a vivenda II afectou á estrutura e dificultou considerablemente os traballos de escavación e restauración. Do mesmo xeito que na vivenda I, non só se interveu no seu interior, senón que se abarcou un perímetro exterior. Na intervención actuouse nos diferentes espazos que compoñen a vivenda.

O espazo 1 corresponde ao interior da vivenda. Tras a retirada da maior parte da vexetación, realizouse un control estratigráfico en que se puido comprobar a disposición do gran volume de derruba procedente dos muros e da cuberta, que estaba a selar o nivel de ocupación (fig. 15). Os restos da cuberta correspondían cunha estrutura de madeira cuberta con lousa,

con pezas de gran tamaño, perforadas para a suxeición á estrutura por medio de cravos de ferro de sección cadrada. Ademais destes cravos, apenas se rexistrou material arqueolóxico no interior.



Fig. 14. Detalle do perfil estratigráfico no interior da vivenda durante o proceso de escavación, antes da retirada do árbore e cando apenas se levaban descubertos 2 m de potencia de muro.

No interior da vivenda documentouse o fogar, que, do mesmo xeito que na vivenda I, estaba protexido por un paraventos ou poio, este de maior altura e moi vencido pola presión exercida pola derruba. Durante os traballos de restauración do muro do paraventos, ao ter que desmontalo parcialmente para a súa conservación, apareceu no seu interior un pequeno conxunto de ferros: un coitelo, unha grampa e unha placa triangular.



Fig. 15. Vista xeral das vivendas escavadas e restauradas.

No que respecta aos paramentos destas construcións, malia o seu bo grao de conservación que nalgúns casos chega aos 3 metros de alzado, presentan varios puntos cun alto grao de deterioración ou fragilidade.

Os paramentos verticais en xeral, unha vez desprovistos da súa cuberta tras o abandono, son sensibles aos axentes atmosféricos. No caso de construcións a dobre cara, o proceso de crioxenización no inverno, a humidade, os briófitos etc., rompen e abren como un libro o propio muro, sobre todo se non hai suficientes perpiaños, ocasionando ou derrubamento deste. É necesario, pois, dotar o muro dunha nova cuberta.

Os traballos de restauración realizáronse despois de rematar a escavación arqueolóxica.

Os recrecementos foron feitos utilizando a mesma pedra extraída do material das derrubas e sempre diferenciando o orixinal do engadido cun elemento separador dun material diferente ao do muro. Neste caso, empregáronse pezas de barro refractario avermelladas, para marcar a diferenza por medio dun elemento doutra cor e doutra natureza. Non se colocou o elemento diferenciador de forma continua para non confundir o visitante non especializado. Intercálase o separador cada 50-80 cm e, deste xeito, pódese seguir o rastro do restaurado sen molestar a vista xeral do público.

Ao recrecer os muros, as estruturas consolídanse, de forma que, á vez que se protexe o orixinal, tan só as fiadas superiores quedan expostas ás agresións antrópicas e atmosféricas.

Polo demais, o paramento representa fielmente os mesmos procesos construtivos e utiliza os mesmos materiais de construción. Trátase dun aparello a dobre cara e racheado polo interior, e construíuse de igual xeito coa pedra recuperada nos traballos de escavación.

Os materiais arqueolóxicos de Castañón de Castañoso

A análise do material arqueolóxico das vivendas é a base principal para establecer unha primeira aproximación á cronoloxía do xacemento, que se pode datar a principios do século I d. C. Cabe subliñar que esta data se refire ao último nivel de ocupación que se rexistrou durante a escavación da vivenda, pero

hai que ter en conta que existe un nivel máis antigo, como reflicte a reforma desta. As conclusións non son aínda definitivas, xa que temos uns datos parciais de todo o xacemento.

O conxunto de materiais presenta unha maioría de cerámicas castrexas de tradición indíxena, pero tamén se rexistran materiais romanos. Aparece un único fragmento de TS, un fragmento de fondo de prato que presenta decoración na cara interna do fondo a base dunha banda de *ruedecilla*. A pesar do seu pequeno tamaño, pódese recoñecer que se trata dunha TSI, unha Consp. 6/Puc. XIX, 17 (figura 396). É unha forma escasa no noroeste peninsular e que proporciona unha cronoloxía que vai de finais do s. I a. C. ata finais de Tiberio, momento en que desaparecen ao chegaren masivamente as producións occidentais de TSS.

Tamén se documentaron outros materiais romanos, como un fragmento de ánfora, unha fíbula de charnela (figura 397) e varias moedas, como un denario de prata de Tiberio (14 d. C.-37 d. C.) e un as de bronce (unha serie augustea de Calagurris), reselado coa aguia (27 a. C.-2 d. C.), datas que coinciden coa da TSI.

Esta cronoloxía insire o xacemento nun contexto romano temperán, nun momento de cambios e transformacións intensas pouco posteriores ás guerras de conquista. Os profundos cambios que se atopan nos rexistros deste castro reflicten os primeiros procesos de transformación do poboamento indíxena arredor do cambio de era na zona oriental de Lugo. De novo, é imprescindible ter presente o peso que pronto adquiriu a explotación mineira dos xacementos auríferos veciños.

O conxunto de materiais recuperados durante a escavación nas vivendas é principalmente de carácter doméstico, do que se deduce a existencia dunha comunidade familiar, como base da estrutura do poboado. Destaca unha importante porcentaxe de vaixela de tradición indíxena de boa factura técnica feita claramente en torno, onde predominan as potas de bordo volto, cuncos monoasados e grandes orzas con nervaduras similares a outras que aparecen en xacementos da contorna (López González *et al.*, 2010). Por outra banda, documentouse a existencia de materiais romanos de importación, xa que se rexistrou un fragmento de ánfora e un pequeno fragmento de TSI (unha Consp. 6 ou Puc. XIX, 17) que coincide exactamente coa cronoloxía das escasas moedas localizadas, entre elas un denario de prata de Tiberio, formando un conxunto que

nos reflicte unha ocupación temperá próxima ao cambio de era, mentres que o reselado da cabeza de aguia, presente tamén noutra moeda, fálanos da presenza das lexións na zona.



Fig. 16. Esquerda, denario de Tiberio; dereita, as de bronce augusteo de Calagurris reselado coa cabeza de aguia e asociado ao mundo castrense e ás lexións.



Fig. 17. Fíbula de charnela atopada sobre o nivel de abandono do pavimento, no exterior da vivenda II.

Esta cronoloxía, baseada principalmente nas características do material arqueolóxico das construcións escavadas, coloca o xacemento nos últimos anos do século I a.C., arredor do cambio de era, nun momento de mudanzas e transformacións que se asocian ás consecuencias das guerras cántabras (Orejas *et al.*, 2015). É tamén o momento en que comezan a explotarse intensivamente os xacementos auríferos do noroeste. A existencia nesta zona de recursos mineiros convértena, por tanto, nunha área de extraordinario interese para o Estado romano tras a reforma monetaria de Augusto. A cronoloxía da ocupación do poboad coincide co momento de explotación intensiva dos recursos auríferos. Non cabe dúbida de que, polo momento, todos os datos nos levan a valorar que nos

primeiros anos do século I d.C. este castro se atopaba xa en funcionamento. Dentro do seu territorio inmediato, existen varios xacementos auríferos explotados en época romana, como as minas primarias de Cuevas en Teixeira e o monte furado dos Vaos e dos Cangos, entre outras, e mesmo traballos mineiros asociados directamente ao castro de Castañoso, como a mina de Capela de Santiago.

Os traballos de escavación e conservación realizados en Castelón de Castañoso tiñan un obxectivo principal: evitar o perigo de ruína da estrutura da sauna castrexa e outros elementos que necesitaban dunha intervención urxente de restauración, á vez que se intentaba caracterizar este xacemento arqueolóxico.

Combináronse traballos de prospección, escavación e restauración, labores que foron compaxinados no tempo, xa que, como dixemos, uns dependen necesariamente das valoracións dos outros. Cos traballos de prospección, conseguiuuse unha primeira aproximación tanto á definición do castro de Castañoso como á caracterización das minas auríferas romanas que se atopan preto del. A escavación arqueolóxica foi a ferramenta fundamental que nos permitiu facer unha primeira caracterización do poboad, tanto no que se refire a cuestións xerais, no seu conxunto, como á definición cronolóxica e funcional do poboad, as características das vivendas e os edificios do castro. Estes traballos permitiron crear unha base documental sólida e facer unha mellor e mais precisa valoración das características do conxunto arqueolóxico. Por outro lado, tamén se puido comprobar a potencialidade patrimonial que agocha este xacemento, o que permitirá realizar novas propostas e valoracións de futuro.

6. Bibliografía

Álvarez González, Y. (2019). *El poblamiento castreño en la cuenca media del Miño; una visión diacrónica y territorial en la cuenca del Barbantiño*. Tese en acceso aberto en: E-Prints Complutense. Universidade Complutense de Madrid.

Álvarez González, Orejas Saco del Valle, A. e López González, L. Fco. (2020): El almacenamiento de productos agrarios en O Castelo de Laías (Cenlle, Ourense) *Revista de Prehistoria y Arqueología*, n.º 86 pp. 115-142.

Álvarez González, Y. (2016). *Excavación y consolidación arqueológica en el castro de San Cibrán de Las, Ourense*. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Estévez, M. S., *et al.* (2024). *Saunas Protohistóricas en Iberia. Saunas Protohistóricas en Iberia*. Edición: Ángel Villa Valdés e Marco V. García Quintela, Real Instituto de Estudios Asturianos, 2024.

Fernández-Posse, M. D. (1998). *La investigación protohistórica en la Meseta y Galicia*. Madrid: Síntesis.

Fernández-Posse, M. D. e Sánchez-Palencia, F. J. (1998). Las comunidades campesinas en la cultura castreña, *Trabajos de Prehistoria*, 55 (2), pp. 127-150

García Quintela, M. (2016). Sobre las saunas de la Edad del Hierro en la Península Ibérica: Novedades, tipologías e interpretaciones. *Complutum*, vol. 27, pp. 109-130.

López González, L. F. (2020). *La evolución del poblamiento castreño y de los procesos de territorialización en la sierra oriental gallega y sector meridional lucense*. Tesis en acceso abierto en: E-Prints Complutense. Universidade Complutense de Madrid.

López González, L. F., Álvarez González, e. López Marcos, M. A. (2010). Pervivencias e innovaciones en el castro minero de Santa María de Cervantes (Cervantes, Lugo): la ordenación del espacio doméstico, en Bueno, P., Gilman, A., Martín Morales, C., Sánchez-Palencia, F. J. (eds.), *Arqueología, sociedad, territorio y*

paisaje. Estudios sobre Prehistoria reciente, Protohistoria y Transición al mundo romano en homenaje a M.ª Dolores Fernández-Posse (Bibliotheca Praehistorica Hispana, 28), Madrid, pp. 397-410.

López Marcos, M. Á. e López González, L. F. (2011): Arquitectura defensiva en el Castro de Castromaior (Lugo). Análisis de las técnicas constructivas en el acceso al recinto central del poblado, *Arqueología de la Arquitectura*, 8, pp. 47-63.

Orejas Saco del Valle, A., Montero-Ruiz, I., Álvarez-González, Y., López-González, L. F., López-Marcos, M. A. e Rodríguez-Casanova, I. (2015). Roman denarii from North-western Hispania. Findings from Castromaior (Lugo): a contextual, numismatic and analytic approach. *Madrider Mitteilungen*, 56, pp. 232-257.

Villa Valdés, A. (2011). Santuarios “urbanos” en la Protohistoria Cantábrica. Algunas consideraciones sobre el significado y función de las saunas castreñas. *Boletín del Real Instituto de Estudios Asturianos*, 177, pp. 9-46.